

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5043 *Real decreto 662/2012, do 13 de abril, polo que se establece o marco para a implantación dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) no sector do transporte por estrada e para as interfaces con outros modos de transporte.*

O incremento do volume de transporte por estrada, unido ás necesidades dos cidadáns no ámbito da mobilidade, é a causa principal da crecente conxestión das infraestruturas viarias e do aumento do consumo de enerxía, así como unha fonte de problemas ambientais e sociais.

A resposta a estes importantes retos non pode limitarse a medidas tradicionais, entre elas a ampliación das actuais infraestruturas do transporte por estrada. A innovación debe desempeñar unha función importante á hora de deseñar solucións adecuadas para a Unión.

As innumerables experiencias internacionais demostran que a única maneira eficiente de enfrontarse ao continuo incremento da demanda é o uso e a aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións no sector do transporte por estrada.

Algúns Estados membros xa comezaron a implantar esta tecnoloxía, ben que se foi facendo de maneira fragmentaria e pouco coordinada, o que non permitiu garantir a continuidade xeográfica dos servizos que poidan prestarse mediante esa tecnoloxía en todo o territorio da Unión Europea.

Para dar unha solución a esta situación, o 7 de xullo de 2010 o Parlamento Europeo e o Consello adoptaron a Directiva 2010/40/UE, pola que se establece o marco para a implantación dos sistemas de transporte intelixentes no sector do transporte por estrada e para as interfaces con outros modos de transporte, co principal obxectivo de contar cunha normativa común que asegure unha implantación coordinada e eficaz no seu conxunto das tecnoloxías da información e as comunicacións que poidan implantarse no sector do transporte por estrada en todo o territorio comunitario.

Os sistemas intelixentes de transporte (SIT) baseados na electrónica, a informática e as telecomunicacións son todas aquelas aplicacións avanzadas que, sen incluíren a intelixencia como tal, proporcionan servizos innovadores en relación cos diferentes modos de transporte e a xestión do tráfico e permiten aos distintos usuarios estaren mellor informados e faceren un uso máis seguro, máis coordinado e «máis intelixente» das redes de transporte.

Os sistemas intelixentes de transporte (SIT) deberanse fundar en sistemas interoperables baseados en normas abertas e públicas e que estean dispoñibles sen discriminación ningunha para todos os provedores e usuarios de aplicacións e servizos.

A través da citada directiva establécese o marco xeral para a implantación e o uso dos sistemas intelixentes de transporte (SIT). Non obstante, para asegurar unha implantación coordinada e eficaz deses sistemas, será necesario que a Comisión Europea adopte, o máis tardar o 27 de febreiro de 2013, especificacións a través das cales se establezan os requisitos, procedementos ou calquera outra exigencia necesaria para proceder á súa implantación, garantindo así a compatibilidade, interoperabilidade e continuidade da implantación e a explotación operativa dos sistemas intelixentes de transporte (SIT).

En primeiro lugar, adoptará as especificacións dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) para as accións prioritarias dentro dos catro principais ámbitos de desenvolvemento e implantación de tales sistemas. Unha vez que se ditasen esas especificacións, a Comisión poderá adoptar especificacións para outras accións neses mesmos ámbitos prioritarios.

Segundo o teor do exposto, procédese agora, por medio deste real decreto, a incorporar ao noso ordenamento interno a referida Directiva 2010/40/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, co obxecto de establecer ese marco xeral normativo que vai servir de apoio para a implantación e o uso coordinados e coherentes de sistemas intelixentes de transporte (SIT) en España.

Este real decreto recibiu o informe do Consello Superior de Seguridade Viaria, de conformidade co disposto no artigo 8.3.e) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Así mesmo, recibiu o informe da Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5.b) do Estatuto da citada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de abril de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece o marco para a implantación e o uso de maneira coordinada e coherente dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) en España, e fixa as condicións xerais necesarias para alcanzar ese obxectivo.

2. Constitúe o ámbito de aplicación deste real decreto a implantación das aplicacións e servizos dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) no ámbito do transporte por estrada e as súas interfaces con outros modos de transporte, sen prexuízo de materias relativas á seguridade nacional ou necesarias para a defensa.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

1. Sistemas intelixentes de transporte (SIT): os sistemas en que se aplican tecnoloxías da información e as comunicacións no ámbito do transporte por estrada, incluídos infraestruturas, vehículos e usuarios, e na xestión do tráfico e da mobilidade, así como para as interfaces con outros modos de transporte.

2. Interoperabilidade: a capacidade dos sistemas e dos procesos empresariais subxacentes para intercambiaren datos e compartiren información e coñecementos.

3. Aplicación de SIT: un instrumento operativo para a aplicación de SIT.

4. Servizo de SIT: a subministración dunha aplicación de SIT a través dun marco de organización e funcionamento ben definido co fin de contribuír á seguridade dos usuarios, á eficiencia e á comodidade, así como a facilitar ou apoiar as operacións de transporte e os desprazamentos.

5. Fornecedor de servizos de SIT: calquera fornecedor público ou privado dun servizo de SIT.

6. Usuario de SIT: calquera usuario de aplicacións ou servizos de SIT, en particular os viaxeiros, os usuarios vulnerables da rede viaria, os usuarios e operadores das infraestruturas de transporte por estrada, os xestores de frotas de vehículos e os xestores de servizos de socorro.

7. Usuarios vulnerables da rede viaria: usuarios non motorizados da rede viaria, como por exemplo os peóns e os ciclistas, así como os motoristas e as persoas con discapacidade ou con mobilidade ou orientación limitadas.

8. Dispositivo itinerante: un dispositivo portátil de comunicación e información que pode utilizarse a bordo do vehículo en apoio do labor de conducción ou das operacións de transporte.

9. Plataforma: unha unidade dentro ou fóra do vehículo que fai posible o despregamento, a prestación, a explotación e a integración de aplicacións e servizos de SIT.

10. Arquitectura: o deseño conceptual que define a estrutura, o comportamento e a integración dun determinado sistema no contexto en que se encontra.

11. Interface: un dispositivo entre sistemas que facilita os medios de comunicación a través dos cales poden conectarse e actuar entre si.

12. Compatibilidade: a capacidade xeral dun dispositivo ou sistema para funcionar con outro dispositivo ou sistema sen introducir modificacións.

13. Continuidade dos servizos: a capacidade de subministrar servizos sen interrupcións nas redes de transporte.

14. Datos sobre a rede viaria: datos sobre as características da infraestrutura viaria, incluídos os sinais fixos de tráfico e os seus atributos regulamentarios de seguridade.

15. Datos sobre o tráfico: datos históricos e en tempo real sobre as características do tráfico na rede viaria.

16. Datos sobre os desprazamentos: os datos básicos, como os horarios do transporte público e as tarifas, necesarios para subministrar información multimodal sobre os desprazamentos antes da viaxe e durante ela, a fin de facilitar a planificación, a reserva e a adaptación dos desprazamentos.

17. Especificación: unha medida vinculante que establece disposicións que conteñen requisitos, procedementos ou calquera outra norma pertinente.

18. Norma: toda norma segundo se define no artigo 2.6. do Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Artigo 3. *Implantación dos sistemas intelixentes de transporte (SIT).*

1. A aplicación en España das especificacións e normas ditadas pola Comisión Europea sobre a implantación de sistemas intelixentes de transporte (SIT) respecto aos ámbitos e accións prioritarios recollidos no anexo I deberá realizarse conforme as medidas que, para tal efecto, adopten o Ministerio do Interior e o Ministerio de Fomento, no ámbito das materias das súas respectivas competencias.

2. Aqueles sistemas intelixentes de transporte (SIT) para os cales a Comisión Europea non adoptase especificacións ou normas poderanse implantar en España de acordo coas condicións e procedementos técnicos que determinen o Ministerio do Interior e o Ministerio de Fomento, no ámbito das materias das súas respectivas competencias.

3. As medidas ou disposicións que sexan adoptadas conforme se dispón nos números anteriores serano de acordo cos principios establecidos no anexo II.

Artigo 4. *Deber de información.*

1. O Ministerio do Interior, a través do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, facilitará á Comisión Europea con data límite o 27 de agosto de 2012 información sobre as medidas nacionais previstas no campo dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) para o período de cinco anos.

Ademais, con posterioridade a ter remitido esa información, cada tres anos informará a Comisión Europea sobre os progresos realizados na implantación das actividades e os proxectos nacionais nos ámbitos prioritarios que se recollen no anexo I.

2. Para poder prestar a citada información, as entidades, administracións e demais provedores de aplicacións e servizos de sistemas intelixentes de transporte (SIT) remitirán ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico un informe sobre as súas actividades e proxectos en relación cos sistemas intelixentes de transporte (SIT) para o período de cinco anos e, precedendo solicitude, unha memoria explicativa sobre os progresos realizados na implantación das actividades e os proxectos nacionais, para

efectos de remitir a información a que se fai referencia no segundo parágrafo do número anterior.

3. A información a que se refire o número anterior poderase remitir nos modelos que proporcionará o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou que poderán descargarse no seguinte enderezo electrónico: <https://sede.dgt.gob.es>.

Artigo 5. *Rexistro de aplicacións e servizos de sistemas intelixentes de transporte (SIT).*

1. Créase o Rexistro de Aplicacións e Servizos de Sistemas Intelixentes de Transporte (SIT), no cal se inscribirán as entidades, administracións e demais fornecedores de aplicacións e servizos de sistemas intelixentes de transporte (SIT) en España, cuxo responsable será o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

2. A inscrición realizarase de oficio unha vez que as entidades, administracións e demais fornecedores remiten o informe sobre as súas actividades e proxectos conforme se establece no artigo anterior.

Disposición adicional primeira. *Tratamento de datos de carácter persoal.*

O tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para o funcionamento das aplicacións e servizos dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) levarase a cabo conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Así mesmo, no funcionamento das aplicacións garantirase, sempre que for posible, o anonimato do interesado e, en todo caso, que só se recollerán os datos que resulten imprescindibles para a prestación dos servizos derivados daquelas.

Disposición adicional segunda. *Comunicación ao Ministerio do Interior.*

1. As entidades, administracións e demais fornecedores que á entrada en vigor deste real decreto implantasen aplicacións ou servizos de sistemas intelixentes de transporte (SIT) remitirán ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, no prazo de dous meses, o informe sobre as súas actividades e proxectos para o período de cinco anos, conforme se establece no artigo 4.2.

2. As entidades, administracións e demais fornecedores que establezan aplicacións e servizos de sistemas intelixentes de transporte (SIT) con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto remitirán ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico o citado informe no prazo de dous meses desde a súa implantación.

Disposición adicional terceira. *Reutilización da información.*

Na implantación e uso de aplicacións e servizos dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) será de aplicación a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Disposición adicional cuarta. *Responsabilidade.*

A responsabilidade, no referente á implantación e ao uso de aplicacións e servizos dos sistemas intelixentes de transporte (SIT), regularase de acordo co previsto no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia.

Disposición adicional quinta. *Cooperación e colaboración.*

Os ministerios do Interior e de Fomento establecerán procedementos de cooperación e colaboración, coa participación, se for o caso, de representantes dos sectores afectados

e de expertos de recoñecido prestixio, co obxecto de asesorar sobre a implantación e o uso dos sistemas intelixentes de transporte (SIT).

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Datos do Rexistro de Aplicacións e Servizos de Sistemas Intelixentes de Transporte (SIT).*

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, a finalidade, usos previstos, persoas ou colectivos sobre os cales se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos, procedemento de recolla dos datos, estrutura básica do ficheiro e tipos de datos de carácter persoal incluídos nel, cesións e transferencias previstas, órganos responsables do ficheiro e órgano ante o cal poden exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, así como o nivel de seguridade do Rexistro de Aplicacións e Servizos de Sistemas Intelixentes de Transporte (SIT), serán os que se establezan para o ficheiro de datos de carácter persoal correspondente ao dito rexistro que, para tales efectos, se incluírá na Resolución do 30 de novembro de 2010, da Dirección Xeral de Tráfico, pola que se crean ficheiros de datos de carácter persoal na Xefatura Central de Tráfico.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación do dereito comunitario.*

A través deste real decreto incorpórase ao dereito interno a Directiva 2010/40/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, pola que se establece o marco para a implantación dos sistemas de transporte intelixentes no sector do transporte por estrada e para as interfaces con outros modos de transporte.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para a modificación dos anexos.*

Facúltanse os ministros do Interior e de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, para modificar por orde os anexos deste real decreto conforme as especificacións e normas que adopte a Comisión Europea.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de abril de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,

SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I**Ámbitos e accións prioritarios**

Para os efectos do disposto no artigo 3, os ámbitos prioritarios e, dentro deses ámbitos, as accións prioritarias serán os seguintes:

- a) Ámbitos prioritarios:
- 1.º Utilización óptima dos datos sobre a rede viaria, o tráfico e os desprazamentos.
 - 2.º Continuidade dos servizos de sistemas intelixentes de transporte (SIT) para a xestión do tráfico e do transporte de mercadorías.
 - 3.º Aplicacións de sistemas intelixentes de transporte (SIT) para a seguridade e protección do transporte por estrada.
 - 4.º Conexión do vehículo á infraestrutura de transporte.
- b) Accións prioritarias:
- 1.ª A subministración de servizos de información sobre desprazamentos multimodais.
 - 2.ª A subministración de servizos de información sobre tráfico en tempo real.
 - 3.ª Datos e procedementos para facilitar, cando sexa posible, información mínima sobre o tráfico universal en relación coa seguridade viaria, con carácter gratuíto para o usuario.
 - 4.ª A subministración harmonizada dun número de chamada de emerxencia (eCall).
 - 5.ª A subministración de servizos de información baseada en sistemas intelixentes de transporte (SIT) sobre prazas de aparcadoiro seguras e protexidas para os camións e vehículos comerciais, en particular, nas zonas de servizo e descanso na rede viaria.
 - 6.ª A subministración de servizos de reserva de prazas de aparcadoiro seguras e protexidas para os camións e vehículos comerciais.

c) Outras accións:

Elaboraranse especificacións e normas para outras accións, distintas das accións prioritarias, dentro dos ámbitos prioritarios.

ANEXO II**Principios para a implantación dos sistemas intelixentes de transporte (SIT)**

A implantación dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

1. Eficacia: contribuír de forma tanxible a superar os principais retos que debe afrontar o transporte por estrada.
2. Rendibilidade: optimizar a relación entre os custos e os resultados obtidos respecto do logro de obxectivos.
3. Proporcionalidade: fixar, se procede, distintos niveis alcanzables de calidade e de implantación dos servizos, tendo en conta as especificidades rexionais, nacionais e europeas.
4. Apoiar a continuidade dos servizos: asegurar uns servizos ininterrompidos, en particular, na rede transeuropea e, cando for posible, nas súas fronteiras exteriores. A continuidade debe garantirse nun nivel adaptado ás características das redes de transporte que conectan países entre si e cidades con zonas rurais.
5. Facilitar a interoperabilidade: garantir que os sistemas e os procesos empresariais en que aqueles se basean teñan a capacidade de intercambiar datos e compartir información e comportamentos e coñecementos para facer posible unha prestación efectiva dos servizos dos sistemas intelixentes de transporte (SIT).
6. Apoiar a retrocompatibilidade: garantir, cando proceda, a capacidade dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) de funcionar cos sistemas existentes que

comparten as mesmas funcións, sen obstaculizar o desenvolvemento das novas tecnoloxías.

7. Respetar as características da infraestrutura e da rede nacionais existentes: ter en conta as diferenzas inherentes ás características das redes de transporte, en particular, a dimensión dos volumes de tráfico e as condicións meteorolóxicas da rede viaria.

8. Fomentar a igualdade de acceso: non impor obstáculos nin discriminacións ao acceso dos usuarios vulnerables da rede viaria ás aplicacións e servizos dos sistemas intelixentes de transporte (SIT).

9. Fomentar a madurez: demostrar, despois da oportuna avaliación do risco, a solidez dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) innovadores, mediante un nivel suficiente de desenvolvemento técnico e explotación operativo.

10. Proporcionar horarios e posicionamento de calidade: utilizar infraestruturas baseadas en satélites ou calquera outra tecnoloxía que proporcione un nivel equivalente de precisión, para efectos do uso de aplicacións e servizos dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) que requiren servizos horarios e de posicionamento en todo o mundo, continuados, fiables e garantidos.

11. Facilitar a intermodalidade: ter en conta a coordinación dos diversos modos de transporte, cando proceda, ao implantar os sistemas intelixentes de transporte (SIT).

12. Respetar a coherencia: ter en conta as normas, políticas e actuacións da Unión Europea existentes que gardan relación co ámbito dos sistemas intelixentes de transporte (SIT), en particular, en materia de normalización.